

UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agüete, Pilar
Álvarez Rodríguez, Pablo
Barreiro Blas, Antonio
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^º.
González Pillado, Esther M^º.
Macías Cambra, Enrique
Montero Muñoz, María
Vaquero Díaz, M^º Beatriz

DESCULPA ASISTENCIA

González Crespán, Araceli

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 14 de maio de dous mil dez ás 13:30 horas.

O venres, día **14 de maio 2010**, ás 13:40 horas, nas salas de videoconferencia dos tres campus, deu comezo a xuntanza extraordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Escrito presentado por D. Jaime Cabeza Pereiro e Dna. Ana Garriga Dominguez para a dotación de cabinas a tódalas mesas electorais nas eleccións a Reitor.
2. Resolución do recurso de alzada, presentado por representantes das asociacións de estudantes CUCO (Comités Universitarios do Campus de Ourense) e IESGA (Iniciativa Estudiantil Galega), contra o acordo da Comisión Electoral polo que se aproba o proxecto piloto de votación electrónica.
3. Escrito presentado por D. Enrique Barreiro Alonso, Profesor Titular de Linguaxes e Sistemas Informáticos e candidato a Vicerreitor do Campus de Ourense por Nova Universidade, respecto da distribución por distintos medios da propaganda electoral.

Punto 1. Escrito presentado por D. Jaime Cabeza Pereiro e Dna. Ana Garriga Dominguez para a dotación de cabinas a tódalas mesas electorais nas eleccións a Reitor.

Intervén a presidenta da Comisión Electoral para dar conta do contido do escrito presentado polos Profs. Cabeza e Garriga, no que solicitan a instalación de cabinas de votación nos centros e das xestións para o préstamo por parte dos Concellos das cabinas para a votación, o que supón o aluguer de camiós para o seu traslado e recollida e a disposición de persoal para a súa instalación nos centros (unha por centro).

Engade a secretaria da Comisión, que dende a Secretaría Xeral xa se tiña falado cos decanos dos centros para habilitar espazos axeitados para garantir a confidencialidade do voto dos electores.

Punto 2. Resolución do recurso de alzada, presentado por representantes das asociacións de estudantes CUCO (Comités Universitarios do Campus de Ourense) e IESGA (Iniciativa Estudantil Galega), contra o acordo da Comisión Electoral polo que se aproba o proxecto piloto de votación electrónica

Expón a secretaria da Comisión que solicitan os recorrentes a nulidade da decisión de aprobación do proxecto piloto de voto electrónico nas eleccións a representantes de alumnos en varios departamentos; subsidiariamente solicitan que só se permita votar electrónicamente en ordenadores controlados polas mesas electorais e que non se exclúa o voto en urna. Tamén solicitan a suspensión do acto recorrido.

Para a comprensión por todos do sentido do recurso, a secretaria expón un resumo dos motivos do recurso no seguinte sentido: o primeiro motivo é que a Comisión Electoral non é competente para establecer o sistema de votación; o segundo, que non se pode excluír o voto en urna, polo que consideran nulo o artigo 1 do proxecto piloto de voto electrónico que establece sistema único; por último, alegan a falta de garantías da votación electrónica, considerando que non se pode garantir que o voto sexa directo.

Sinala tamén a secretaria que o informe da Asesoría Xurídica non é concluínte en ningún sentido, polo tanto, procede a analizar cada un dos motivos do recurso:

Parte a secretaria xeral da consideración de que a resolución do recurso corresponde a esta Comisión que está nomeada polo Claustro e é soberana para coñecer e resolver todos os problemas e dúbidas que se poidan presentar nestas (art. 53 dos Estatutos da Universidade). Polo tanto, en ningún caso o Consello de Goberno podería resolver o recurso.

En canto aos motivos do recurso:

1.- Que a Comisión Electoral non é competente para establecer o sistema de votación. A Comisión Electoral é a encargada da aprobación dos procedementos electorais (art. 28 do Regulamento de réxime interno do Claustro). Estes procedementos foron aprobados na sesión de 4 de marzo para cada unha das eleccións. En relación ao procedemento de eleccións de representantes de alumnos nos consellos de departamento, xa se prevía a posibilidade de voto electrónico, que como se reflicte en moitas das actas desta Comisión, se especificaría en qué departamentos se ía empregar unha vez proclamados definitivamente os candidatos en cada departamento. Nese momento a Comisión aprobou o proxecto piloto de votación electrónica para determinados departamentos.

2.- O segundo motivo do recurso é a imposibilidade de excluír o voto en urna, sendo necesario permitir o voto electrónico conxuntamente co voto en papel. En relación a esta cuestión, que no procedemento de eleccións de representantes de alumnos nos consellos de departamento que se aprobou pola Comisión Electoral o día 4 de marzo de 2010, xa se prevía que “tamén se poderá utilizar o voto electrónico de acordo co procedemento que se estableza”. Precisamente o procedemento do voto electrónico se aprobou pola Comisión Electoral na súa sesión de 30 de abril por unanimidade dos membros da Comisión Electoral. Neste procedemento se concreta o ámbito de aplicación do proxecto piloto e o súa forma de facelo efectivo, deixándose claro que se empregará de xeito único, sen compatibilizado coa votación en urna.

3.- En canto ás garantías do procedemento de voto electrónico, achéganse no **anexo I** os datos da empresa relativos ao mesmo.

Por último, debe sinalarse que o sistema se publicitou nos centros afectados por parte da presidenta e secretaria da Comisión Electoral, ademais dos equipos decanais dos centros afectados, que non soamente os publicitaron verbalmente nas aulas senón tamén por escrito nas aulas e nas pantallas dos centros. Doutro lado, debe salientarse tamén que se facilitou a emisión do certificado dixital pola Secretaría Xeral habilitando os tres rexistros da Universidade e ademais co desprazamento dunha persoa da Secretaría Xeral, para a emisión do certificado dixital, aos centros e departamentos afectados.

Debátese sobre as garantías de voto entre os membros da Comisión, concluíndose que queda perfectamente claras co sistema implantado.

A Prof^a Vaquero fai referencia a que a exposición da persoa da empresa lle convenceu das garantías e lle parece que o sistema cara o futuro vai ser un gran avance.

A Prof^a Allegue, en canto a non exclusión do voto en urna, pregunta sobre se sería posible esa posibilidade de votación polos dous sistemas.

Se contesta pola secretaria xeral que non é posible pois tecnicamente, neste momento de proceso non sería posible comprobar quen votou informaticamente para impedirlle o voto manual, ademais xa non sería posible nomear oito mesas electorais para o día 20 de maio.

A proposta que se fai pola secretaria xeral é a desestimación do recurso.

Apróbase por asentimento.

Punto 3. Escrito presentado por D. Enrique Barreiro Alonso, Profesor Titular de Linguaxes e Sistemas Informáticos e candidato a Vicerreitor do Campus de Ourense por Nova Universidade, respecto da distribución por distintos medios da propaganda electoral.

A proposta que se fai pola presidenta da Comisión, no que respecta ao uso das pantallas, é que se realice un reparto de tempo equitativo entre os candidatos, en canto aos espazos, debería haber lugares específicos nos centros para a campaña electoral.

Fálase polos membros da Comisión da propaganda electoral do candidato de Nova Universidade situada no chan dos centros. Debátese sobre o tema.

Acórdase facer un comunicado xeral sobre a utilización de espazos de tempo equitativos para os dous candidatos.

A presidenta da comisión fai referencia á necesidade de nomear unha mesa de administración integrada por 2 ou 3 persoas da Comisión Electoral. Os membros desta mesa terán unha tarxeta que lles permitirá acceder e modificar os datos electrónicos da votación. Debería estar ubicada na reitoría (Sala de Xuntas).

Decídese que serían Jorge Bravo e Federico Fernández e a presidenta da Comisión.


Informa tamén a presidenta da Comisión sobre a constitución das Mesas Electrónicas.

Informa, por último, sobre o comunicado da paridade nas eleccións que se vai buzonear a toda comunidade universitaria, entregando copias dos mesmo a cada un dos membros presentes.

Se pregunta por parte do Sr. Álvarez sobre a condición de interventor, ao que se responde de acordo co previsto no regulamento.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:30 horas do día 14 de maio de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral



Esther Mª González Pillado